

ANEXO III

BAREMO DE SELECCIÓN

1. SITUACIÓN DE OCUPACIÓN DOS MEMBROS PARENTAIS:

- 1.1. Pai (ou titor) 3 puntos
- 1.2. Nai (ou titora)..... 3 puntos
- 1.3. Pai (ou titor) e nai (ou titora) (ocupación laboral simultánea) 5 puntos
- 1.4. Pai/nai/titor/a que non está en situación de ocupación pero o estivo mais de 3 meses durante os últimos 12 meses e tamén é demandante de emprego..... 5 puntos

2. SITUACIÓN FAMILIAR:

- 2.1. Condición de familia numerosa 2 puntos
- 2.2. Pertenza a un colectivo de exclusión social, ou circunstancia familiar grave debidamente acreditada (nai solteira adolescente, proxenitor/a en prisión, situación de acollida, orden xudicial de afastamento 2 puntos
- 2.3. Deficiencia, discapacidade, enfermidade ou minusvalía (a) ou b)):
- a) Por cada membro da unidade familiar con calificación legal de minusvalía, igual ou superior a un 33%, enfermidade que requira internamento periódico, alcoholismo ou drogodependencia 2 puntos
- b) Por cada membro da unidade familiar con calificación legal de minusvalía, igual ou superior a un 50%..... 3 puntos
- 2.4. Nai/pai/titor/a, solteiro/a, viuvo/a, separado/a ou divorciado/a, que en solitario/a atenda ás necesidades cotiáns do neno/a 8 puntos
- 2.5. Por ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais 8 puntos
- 2.6. Por irmá/n con praza renovada no servizo..... 5 puntos

3. SITUACIÓN ECONÓMICA:

Renda per cápita (RPC) : Ingresos netos da unidade familiar dividido entre o número de membros que a compoñen:

- Igual ou inferior ao 25% do IPREM:..... 5 puntos
- Superior ao 25% e igual ou inferior ao 50%..... 2 puntos
- Superior ao 50% e igual ou inferior ao 75% do IPREM..... 1 puntos

Superior ao 75% e igual ou inferior ao 100% do IPREM:.....0 puntos

Superior ao 100% e igual ou inferior ao 150% do IPREM:.....- 1 punto

Superior ao 150% do IPREM e igual ou inferior ao 200% do IPREM: . - 2 puntos

Superior ao 200% do IPREM e igual ou inferior ao 250% do IPREM: . - 3 puntos

Superior ao 250% do IPREM.....- 5 puntos

As distintas situacións valoraranse referidas á data do último día do prazo de preinscrición. En caso de producirse cambios posteriores na situación de ocupación o demandante do servizo deberá solicitar a corrección da puntuación, a nova puntuación, se procede, terá efectos a partir do día da solicitude de revisión.

Terase en conta o IPREM anual do exercicio ao que corresponda a declaración do IRPF.

As solicitudes serán ordenadas pola puntuación acadada, tendo preferencia sempre os empadroados no Concello de Ames (unidade familiar), seguidos dos/as traballadores/as no Concello de Ames. A situación de empadroamento deberá perdurar durante toda a duración da utilización do servizo.

En caso de empate as solicitudes ordenaranse en función da renda percápita obtida, tendo preferencia as rendas inferiores ás superiores.

Entenderase por situación de ocupación: contratación laboral; formación académica presencial, pública ou privada; coidado de familiar por parentesco ou afinidade dependente ata tercer grao, sempre que a persoa dependente conviva no domicilio do demandante do servizo; prisión; residencia no estranxeiro; outra circunstancia debidamente acreditada que impida ou limite a dispoñibilidade para a atención do nen/a.